



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

CEIP ARMENTEIRA

Vilar 64-A, 36192 – Meis (Pontevedra)

Teléfono: 886 15 13 94

ceip.armenteira@edu.xunta.gal

ADMISIÓN E MATRICULACIÓN DE ALUMNADO PARA O CURSO 2022-2023

PRAZOS

- Solicitude de admisión: **do 1 ao 21 de marzo**
- Formalización de matrícula: Do 21 ao 30 de xuño

DOCUMENTACIÓN PARA A SOLICITUDE DE ADMISIÓN:

- Impresos de solicitude debidamente cubertos
- Libro de familia ou copia cotexada
- Folla de empadramento de toda a unidade familiar
- Fotocopia da tarxeta sanitaria
- Fotocopia do libro de vacinacións
- 3 fotos tamaño carné do alumno/a
- Condición de familia numerosa e/ou monoparental (se procede)
- Xustificantes de concorrencia de discapacidade do alumno/a a matricular ou de titores/as ou irmáns do alumno/a (se procede).

CRITERIOS A TER EN CONTA:

- Cada alumno/a só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar (sexa público ou concertado), a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle. Na solicitude poderanse solicitar ata 6 centros, por orde de preferencia.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
- O alumnado actualmente matriculado no centro ten asegurada a reserva de praza para o próximo curso.